



**CONSELLO DA  
CULTURA GALEGA  
OBSERVATORIO DA  
CULTURA GALEGA**

**Web**  
consellodacultura.org

**Twitter:**  
@consellocultura

**Facebook:**  
facebook.com/consellocultura

**Correo:**  
medios@consellodacultura.org

**Telf:**  
+34 981 95 72 02

► 31/03/2015

## **Evolución do gasto cultural dos fogares galegos**

Este informe explota os datos das diferentes estatísticas que ofrecen información relativa ao consumo cultural privado. A fonte principal é a Encuesta de Presupuestos Familiares elaborada polo Insituto Nacional de Estadística (INE). As variables investigadas son o gasto total e os gastos medios por fogar e por persoa. Para a delimitación dos bens e servizos culturais elaborouse unha relación a partir da nomenclatura COICOP a 4 díxitos, é dicir, grupo de gasto principal e subgrupo de gasto.

Deste xeito, considerouse a seguinte relación de bens e servizos culturais para o obxecto deste estudo:

- *Libros non de texto*: libros, atlas, dicionarios, enciclopedias, biblias, libros de recortes, libros para colorear, álbumes para nenos e encadernación de libros.
- *Prensa*: todo tipo de prensa diaria, todo tipo de xornais, revistas e outras publicacións periódicas.
- *Bailes, cines, teatros e espectáculos*: cines, teatros, óperas, concertos, ballets, zarzuela e outros espectáculos musicais, bailes públicos, circos, espectáculos de luz e son, touros, etc.
- *Outros servizos culturais*: servizos de músicos, paiasos e actores para espectáculos privados, servizos fotográficos como revelado, impresión, ampliación, copiado, foto retrato, etc..
- Equipos de imaxe e son, fotográficos e cinematográficos.
- Soporte para o rexistro de imaxes, son e datos.
- Outros: instrumentos musicais.


O informe complétase coa información que permite contextualizar a evolución do gasto. Para isto explotáronse datos de confianza dos consumidores e de evolución dos prezos dos produtos culturais.

### **Evolución do consumo cultural en Galicia**

En liñas xerais, o consumo global en bens e servizos culturais diminuíu de xeito significativo tanto no conxunto de España coma en Galicia en particular, tal como se pode observar na seguinte gráfica.



**Evolución do gasto en bens e servizos culturais (en millóns de euros)**



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Este descenso do gasto é proporcionalmente algo inferior en Galicia á media do Estado. No conxunto de España o gasto en bens e servizos culturais diminuíu un 21,1% entre 2006 e 2013, mentres que en Galicia neste mesmo período diminuíu nun 19,4%. A liña de tendencia coincide en ambos casos, xa que o ano 2008 é o que marca o tope de gasto total e a partir deste ano a cifra investida polos fogares en bens e servizos culturais comeza a diminuír ata 2013, ano no que o gasto rexistra a cifra máis baixa de todo o período. Neste espazo de tempo a caída é tamén sensiblemente inferior en Galicia

**Gasto medio por fogar en bens e servizos culturais (en euros)**


	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
España	972,9	1.020,4	997,2	938,7	910,4	828,3	738,8	673,3
Galicia	778,9	832,5	820,4	799,3	768,2	705,4	644,9	563,3

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Se se ten en conta o gasto medio por fogar, en 2013 os fogares galegos gastaron 81,6 euros menos en bens e servizos culturais ca o ano anterior, mentres que no conxunto de España se gastaron 65,5 euros menos. En todo caso, o salientable é que estas cifras experimentan unha caída constante desde 2007 nos dous casos. Entre ese ano e a última referencia temporal da que se dispón, o gasto por fogar galego foi de 269,2 euros menos.

DATOS &  
INFORMESCONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

## Gasto medio por fogar en bens e servizos culturais por CC.AA. en 2013



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

É interesante observar, tal como se reflicte na gráfica anterior, o gasto medio por fogar por comunidades autónomas en 2013. Así, pódese comprobar que Galicia ocupa o sexto lugar entre as comunidades autónomas nas que o gasto medio por fogar en bens e servizos culturais é máis baixo. Isto significa uns 110 euros menos por fogar respecto da media española, un 16,3% menos. O gasto en Galicia sitúase a uns 94,3 euros por encima da comunidade cun gasto menor e a 320 da que amosa o maior gasto en cultura.

## Gasto en bens e servizos culturais por grupo de gasto en 2013

		Total (M€)	%	Gasto medio por fogar (€)	Gasto medio por persoa (€)
Total	España	12 261,7	100,0	673,3	265,7
	Galicia	603,1	100,0	563,3	220,8
Libro e publicacións periódicas	España	1 941	15,8	106,6	42,1
	Galicia	117,3	19,5	109,6	43,0
Servizos culturais	España	4 117,8	33,6	226,1	89,2
	Galicia	177,1	29,4	165,4	64,8
Equipos e accesorios audiovisuais de tratamento da información e Internet	España	5 380,7	43,9	295,4	116,6
	Galicia	267,6	44,4	250,0	98,0
Outros bens e servizos	España	822,2	6,7	45,1	17,8
	Galicia	41,0	6,8	38,3	15,0

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006



Se se desagregan os datos por grupos de gasto pódese ver que arredor do 44% dos gastos en bens e servizos culturais se dedica a equipos e accesorios audiovisuais de tratamento da información e Internet, tanto en Galicia coma no conxunto de España. No apartado de libros e publicacións periódicas en Galicia os fogares gastan de media tres euros máis ca no conxunto de España. En cambio, en servizos culturais, entre os que se inclúen a asistencia a espectáculos, cada galego gasta de media uns 24,4 euros menos ca no conxunto de España, o cal supón un 27% menos.

**Evolución do gasto en bens e servizos culturais por grupos de gasto**

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
<i>Total</i>								
España	15 425,5	16 612,5	16 694,6	16 021,1	15 631,9	14 363,7	13 366,1	12 261,7
Galicia	753,2	802,8	815,9	810,4	783,4	722,0	684,7	603,1
<i>Libro e publicacións periódicas</i>								
España	3 317,1	3 218,6	3 244,8	3 140,3	2 791,9	2 524,8	2 208,8	1 941
Galicia	202,1	214,5	181,2	185,7	182,6	153,5	135,6	117,3
<i>Servizos culturais</i>								
España	4.543,3	4.973,1	4.865,2	4.633,5	4.593,7	4.280,6	4.181,4	4 117,8
Galicia	196,1	216,5	228,0	227,8	183,5	170,6	206,3	177,1
<i>Equipos e accesorios audiovisuais de tratamento da información e Internet</i>								
España	5.801,3	6.758,8	7.232,7	7.075,6	7.183,0	6.590,6	5.971,9	5 380,7
Galicia	270,2	309,7	343,3	331,4	356,8	347,8	304,2	267,6
<i>Outros bens e servizos</i>								
España	1.763,9	1.662,1	1.351,9	1.171,7	1.063,4	967,7	1.004,9	822,2
Galicia	84,8	62,2	63,4	65,5	60,5	50,1	38,6	41,0

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Se se observa a evolución do gasto en bens e servizos culturais por grupos de gasto, pódese apreciar que no conxunto de España diminuíu no ano 2013 en todos os grupos de gasto, mentres que en Galicia diminuíu en todos agás en outros bens e servizos, que aumentou en 2,4 millóns de euros, é dicir, un 6,2%.

**Evolución do gasto en bens e servizos culturais por subgrupos de gasto (en millóns de euros)**

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	
<i>LIBRO E PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS</i>									
<i>Libro non de texto</i>									
España		1 311,1	1 235,2	1 301,2	1 371,9	1 234,4	1 019,4	942	874,9
Galicia		84,6	88,7	68,1	68,1	67,2	60,6	45,2	47,7

## EVOLUCIÓN DO GASTO CULTURAL DOS FOGARES GALEGOS

**DATOS &  
INFORMES**



**CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA**


<i>Publicacións periódicas</i>								
España	2 006,0	1 983,4	1 943,5	1 768,4	1 557,5	1 505,4	1 266,8	1 066,1
Galicia	117,4	125,9	113,1	117,6	115,4	92,9	90,6	69,6
<i>SERVIZOS CULTURAIS</i>								
<i>Espectáculos</i>								
España	1 731,5	2 135,2	1 907,3	1 925,3	1 884,7	1 712,9	1 513,4	1 416,5
Galicia	66,8	73,8	66,0	58,9	52,4	47,6	40,4	39,0
<i>Outros</i>								
España	2 858,7	2 932,8	3 102	2 800,4	2 764	2 681,7	2 668	2 701,3
Galicia	130,5	147,7	166,2	169,6	130,1	124,3	165,9	13,0
<i>EQUIPAMENTOS E ACCESORIOS AUDIOVISUAIS DE TRATAMENTOS DA INFORMACIÓN E INTERNET</i>								
<i>Audiovisuais, fotográficos e cinematográficos</i>								
España	2 378,2	2 691,2	2 640,2	2 530,9	2 776,1	2 300,7	1 665,8	1 309,1
Galicia	99,9	118,6	130,7	112,8	143,8	128,8	90,1	68,9
<i>Tratamento da información e internet</i>								
España	3 466,8	4 138,6	4 658,4	4 626,5	2 776,1	2 300,7	4 306,1	4 071,6
Galicia	164,0	195,1	215,1	220,8	215,4	220,4	214,1	198,7
<i>OUTROS BENS E SERVIZOS</i>								
España	1 784,6	1 681,6	1 374,3	1 187,7	1 063,2	990,7	1 004,9	822,2
Galicia	88,0	62,4	65,2	66,4	56,7	50,0	38,6	41,0

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Por subgrupos de gasto, no conxunto de España o gasto diminúe en todos os conceptos, mentres que en Galicia aumenta 2,5 millóns de euros no gasto en libros non de texto e noutros bens e servizos. Chama a atención a diminución do gasto en espectáculos, que inclúen música, teatro, cine, danza e eventos culturais en vivo en xeral. O gasto máis elevado neste concepto produciuse en 2007 tanto en Galicia (73,8 millóns de euros) coma no conxunto do Estado (2 135,2 millóns de euros). A partir deste ano o gasto comeza a experimentar un descenso continuo ata 2013, de tal xeito que se produce un recorte do gasto dun 33,6% no conxunto de España e un 47,2% en Galicia. Isto significa que en Galicia o concepto no que máis se recortou o gasto en bens e servizos culturais no ano 2013 foi na asistencia a espectáculos en vivo. Se isto se traduce a gasto medio por fogar, cada fogar gastou de media en Galicia uns 36,5 euros en 2013 para asistir ao teatro, cine, concertos, etc, é dicir, 37,9 euros menos ca en 2007.



### Distribución do gasto cultural dos galegos por subgrupos



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Como se pode apreciar na gráfica anterior, a partida principal do gasto cultural dos galegos vai para equipamentos e accesorios para o tratamento da información (ordenadores, tabletas etc.<sup>1</sup>). O gasto para espectáculos, que inclúe cines, teatros, óperas, concertos, ballets e outros espectáculos musicais, é a partida menor de todas.

Para enmarcar e comprender mellor a evolución do gasto en consumo cultural dos fogares galegos, cómpre analizar o conxunto xeral do gasto total das familias galegas. Compróbase que este baixou en 2013 case 1 000 millóns de euros (de 28,8 mil millóns de euros de gasto en 2012 a 27,9). Un 30,3% deste gasto focalízase no consumo relacionado coa vivenda e as compañías subministradoras, seguido de alimentos e bebidas e moi cerca de Transportes. A partida de Ocio, espectáculos e Cultura acapara o 4,7% do gasto tal e como se mostra na seguinte gráfica.

### Distribución porcentual do gasto das familias galegas por grupos de gasto. Ano 2014

<sup>1</sup> Os teléfonos móbiles non se atopan incluídos nesta categoría, xa que a COICOP clasifícaos dentro do apartado de comunicación.




## EVOLUCIÓN DO GASTO CULTURAL DOS FOGARES GALEGOS

DATOS &  
INFORMES



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

A redución e o aumento do gasto en 2013 respecto a 2012 polarízase fundamentalmente en dous grupos. Por unha banda, como se mencionaba anteriormente 'Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles' sube máis de 1,5 millóns de euros, e por outra, o gasto en transportes redúcese en case 1,3 millóns de euros. Este é o apartado que sufriu o maior recorte do gasto familiar nos seis anos analizados. Ao analizar o comportamento do gasto das familias galegas en cada un dos grupos de gasto e ao longo de toda a serie temporal, compróbase que este tan só ascendeu en tres partidas: un 5,1% en saúde; un 21,7% en vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles', e un 25,% en ensinanzas.

Mentres que a redución do gasto total nas familias galegas foi dun 10,4%, estas recortaron de xeito progresivo dende 2008 ata 2013 nun 25,1% o seu gasto en ocio, espectáculos e cultura, o segundo grupo con maior baixada despois de transportes.


O descenso do gasto cultural das familias parece estar influído por múltiples factores que se encadran dentro da situación económica actual, a cal obriga a moitas familias galegas a facer recortes importantes nos gastos totais. Por exemplo, os ingresos medios mensuais por fogar descendieron dende 2008 ata 2013 un 7,3%. Do mesmo xeito, a taxa de risco de exclusión social crece e sitúase nun 24,3% da poboación en 2013 e un 17,2% está en risco de pobreza.

Ademais, o índice de confianza do consumidor (ICC) segue a ser negativo no último trimestre de 2014, aínda que a percepción da situación económica mellorou en 8,7 puntos porcentuais entre 2010 e 2014. No último trimestre do ano 2014 situábase en -



17. Con todo, os tres últimos trimestres de 2014 son os que achegan os mellores datos. Non hai que esquecer que este índice se situaba hai dous anos en -43,3. Na seguinte gráfica conséntase esta evolución.

**Evolución do Índice de Confianza do Consumidor (ICC) dos galegos. 2010-2014**



Fonte: INE. Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Condición de Vida de las Familias (ECV). Base 2013

Segundo o INE, en 2013 aumentou en Galicia a porcentaxe de familias con carencias materiais nos fogares en case todo os conceptos. Entre os máis salientables cómpre subliñar que un 57,1% dos fogares galegos non pode ir unha semana de vacacións ao ano, e un 38,5% non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos.

O Instituto Galego de Estatística achega información datada no último trimestre de 2014 sobre gasto cultural, o cal se enmarca no epígrafe ‘Saír a cear, á cafetería, ao cine e ao teatro’. O número de fogares galegos que se pode permitir ese tipo de gasto aumenta nos últimos catro anos en 14,5 puntos porcentuais. No segundo trimestre de 2014 supera o 60%, establecéndose no último trimestre dese mesmo ano nun 56,9%. Na seguinte gráfica conséntase esta evolución.

**Evolución da porcentaxe de fogares que teñen pensado permitirse ‘Saír a cear, a cafeterías, ir ao cine e ao teatro’ nos próximos tres meses**




## EVOLUCIÓN DO GASTO CULTURAL DOS FOGARES GALEGOS

DATOS &  
INFORMES



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA




Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística. Enquisa conxuntural a fogares.

Pola súa banda, a evolución dos prezos preséntase, dentro deste escenario, como se pode apreciar na seguinte gráfica. Mentres o IPC experimentou unha leve alza nos últimos anos, os produtos de ocio e cultura subiron de xeito máis leve para baixar en 2014.




**Índice de Prezos de Consumo (IPC) en Galicia por grupos de gasto (medias anuais)**



Fonte: Instituto Galego de Estatística. Enquisa conxuntural a fogares.

Por subgrupos de gasto de consumo cultural o IPC en Galicia evolucionou tal como se mostra na gráfica seguinte. Como se pode ver, o prezo dos libros e da prensa creceu, así como o gasto en servizos. O descenso global enténdese polo abaratamento dos equipos e soportes audiovisuais, fotográficos e informáticos.

**Índice de Prezos de Consumo (IPC) en Galicia por subgrupos de gasto de consumo cultural (medias anuais)**



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Índice de precios de consumo



## Conclusións

En liñas xerais, o consumo en bens e servizos culturais diminuíu en Galicia nos últimos anos. Este descenso do gasto en Galicia é proporcionalmente inferior á media do Estado. O ano 2008 é o que marca o tope de gasto total e a partir deste ano a cifra investida polos fogares en bens e servizos culturais comeza a diminuír ata 2013, ano no que o gasto rexistra a cifra máis baixa de todo o período (603,1 millóns de euros).

En 2013 os fogares galegos gastaron unha media de 81,6 euros menos en bens e servizos culturais ca o ano anterior. Entre 2007 e a última referencia temporal da que se dispón, o gasto por fogar galego foi de 269,2 euros menos. Galicia ocupa o sexto lugar pola cola entre as comunidades autónomas por gasto medio por fogar en bens e servizos culturais. Isto significa uns 110 euros menos por fogar respecto da media española e 320 euros menos da que máis gasta.

A partida principal do gasto cultural dos galegos vai para equipamentos e accesorios para o tratamento da información (ordenadores, tabletas etc..). O gasto para espectáculos, que inclúe cines, teatros, óperas, concertos, ballets e outros espectáculos musicais é a partida menor de todas e, de feito, foi concepto no que máis se recortou o gasto no ano 2013.

Este descenso do gasto en cultura enmárcase nun contexto de diminución xeral do gasto, que só aumenta en partidas de primeira necesidade como vivenda, auga e electricidade, ensino e saúde. O gasto en ocio e cultura supón un 4,7% do gasto total e é a partida cun maior descenso do gasto nos últimos anos, só por detrás dos transportes.

A confianza dos consumidores aumentou algo durante 2013 e 2014. No relativo ás perspectivas do consumo cultural, o número de fogares galegos que se pode permitir saír a cear, á cafetería, ao cine e ao teatro amosa unha tendencia irregular á alza nos últimos trimestres.

Pola súa banda, os prezos dos produtos e servizos de ocio e cultura subiron de xeito máis leve que o conxunto e mesmo descenderon en 2014.